



**FÚTBOL SALA – FASE ZONAL DA CORUÑA**  
**25-04-2009 – CAMBRE**  
**Polideportivos Municipais de Os Campóns e O Temple**

**ORGANIZAN: Dirección Xeral para o Deporte e Federación Galega de Fútbol Sala.**

**COLABORA: Concello de Cambre.**

**PARTICIPANTES**

Participarán os equipos que se clasificaron nas fases previas das seguintes categorías: Alevín masculina (nados nos anos 1997/98) e Infantil masculina (nados nos anos 1995/96).

**COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS**

Cada equipo estará formado por un mínimo de 8 e un máximo de 15 xogadoras/es. Os equipos poden participar con xogadoras/es da categoría inmediata inferior, nas condicións establecidas nas *Normas técnicas de Fútbol Sala da Competición deportiva en idade escolar*.

**INSCRICIÓN**

As inscricións realizaranse utilizando as follas que se inclúen nesta normativa e deberán enviarse ao Servizo de Deporte da Coruña por correo electrónico ([deportes.coruna@xunta.es](mailto:deportes.coruna@xunta.es)) ou por fax (981 132 527) antes das 14:00 horas do 23 de abril de 2009. Os equipos participantes deberán presentar nos partidos a *Folla de inscrición* e o *Certificado de inscrición da Competición deportiva en idade escolar* que facilita o programa informático na páxina de Internet [www.deporteescolargalego.org](http://www.deporteescolargalego.org), no que consta o nº de identificador de deportistas, adestradores/as e delegados/as.

**NORMATIVA DA COMPETICIÓN**

A competición desenvolverase polo sistema de eliminatorias directas: dúas semifinais na xornada de mañá e encontro polo 3º posto e final na xornada de tarde.

Nas semifinais de todas as categorías e na final da categoría alevín, en caso de empate, realizaranse tres lanzamentos de penalti e, no caso de persistir o empate, lanzamentos sucesivos necesarios.

Na final da categoría infantil, en caso de empate, prolongarase o encontro dez minutos, con dúas partes de cinco minutos cada unha delas, sen descanso, cun sorteo previo para elección do campo. Tal prórroga considerarase como prolongación da segunda parte e, se ao final da mesma segue habendo un resultado de empate, realizaranse tres lanzamentos de penalti e, no caso de persistir o empate, lanzamentos sucesivos necesarios.



Aplicaranse as *Normas técnicas de Fútbol Sala da Competición deportiva en idade escolar*. Todos os aspectos non recollidos nesta normativa serán regulados pola *normativa oficial da Federación Galega de Fútbol Sala*.

## ENCONTROS E HORARIOS

<b>Polideportivo Municipal Os Campóns. Sigrás (Xunto ao IES David Buján)</b>	
HORA	ENCONTRO
10:30	Semifinal 1 Alev.: Concello de Cabana de Bergantiños - Mare Nostrum F.S.
11:45	Semifinal 1 Inf.: Ex-alcohólicos - Unión Madrileña

<b>Polideportivo Municipal O Temple. (Xunto ao CEIP Graxal II)</b>	
HORA	ENCONTRO
10:30	Semifinal 2 Alev.: Colegio Liceo - Nétoma Razo
11:45	Semifinal 2 Inf.: Mera F.S.- Concello de Ponteceso

<b>Polideportivo Municipal Os Campóns. Sigrás (Xunto ao IES David Buján)</b>	
HORA	ENCONTRO
16:00	Final Alev.: Vencedores das Semifinais 1 e 2
17:15	Final Inf.: Vencedores das Semifinais 1 e 2

<b>Polideportivo Municipal O Temple. (Xunto ao CEIP Graxal II)</b>	
HORA	ENCONTRO
16:00	3º- 4º posto Alev.: Perdedores das Semifinais 1 e 2
17:15	3º- 4º posto Inf.: Perdedores das Semifinais 1 e 2

## CLASIFICACIÓNS

Clasificarase para o Campionato Provincial o primeiro equipo de cada categoría.

## PREMIOS

Entregarase trofeo e medallas a todos os equipos de cada categoría, unha vez rematados os partidos, no Polideportivo de "Os Campóns".



**FÚTBOL SALA – FASE ZONAL DA CORUÑA**  
**25-04-2009 – CAMBRE**  
**FOLLA DE INSCRICIÓN**

<b>EQUIPO</b>			
<b>CATEGORÍA</b>			
	<b>APELIDOS, NOME</b>	<b>DATA NAC.</b>	<b>Nº IDENTIF.</b>
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			
15			
<b>ADESTRADOR/A:</b>			
<b>DELEGADO/A:</b>			

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2009

**O/A Delegado/a,**

**Asdo.** \_\_\_\_\_

Enviar ao Servizo de Deporte da Coruña antes das 14:00 do 23 de abril de 2008:  
 correo electrónico ([deportes.coruna@xunta.es](mailto:deportes.coruna@xunta.es)) ou fax (981 132 527)